



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 5/2022, DO DIA 26
DE MAIO DE 2022**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e nove minutos do xoves día 26 de maio de 2022, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 23 do mesmo mes, réunese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

| | |
|---|--------------|
| D ^a . Patricia Otero Carrera | PSdeG – PSOE |
| D. José González Domínguez | PSdeG – PSOE |
| D ^a . Antía González Fernández | PSdeG – PSOE |
| D. Manuel Costas Costas | PSdeG – PSOE |

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. Acta anterior:
- Núm. 4/2022, do 28 de abril de 2022.
2. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 4/2022 por importe total de 389,78 €.
3. Aprobación inicial do expte de modificación orzamentaria núm. 2/2022 na modalidade de crédito extraordinario financiado mediante baixas doutros créditos, do vixente orzamento do ano 2022 por importe de 1.485,17 €.
4. Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago de dúas facturas na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 16 por un importe total de 1.485,17 €, quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria núm. 2/2022 mediante Crédito Extraordinario.

II. PARTE DE CONTROL:

5. Resolucións da alcaldía – pedanía.
6. Rogos e preguntas.



Entidade Local Menor de Bembrive

Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Acta anterior: - Núm. 4/2022, do 28 de abril de 2022.

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 4/2022 por importe total de 389,78 €.

Dase conta da proposta da Alcaldía Pedanía de 23.05.2022 co seguinte contido:

“En relación co expediente de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 4/2022, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - Examinada a relación de xustificantes de gasto núm. 2022 15 que se recolle no listado que se adxunta, comprobouse que corresponde a subministrados realizados correctamente no exercicio anterior polo que procedería o recoñecemento da obrigaón económica dela derivada, así como o seu posterior pagamento en cumprimento do principio do non enriquecemento inxusto, tal e como se indica na memoria emitida polo Alcalde-Pedáneo con data 23 de Maio de 2022.

As anteditas facturas non foron aprobadas nin imputadas ao orzamento do ano no que se executou o gasto por presentarse no rexistro neste exercicio.

Posto que se trata de bens subministrados no exercicio anterior, consonte a normativa reguladora da facenda local o mecanismo axeitado para a súa aprobación e pagamento é a inclusión nun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por conta das aplicacións orzamentarias do ano 2022.

SEGUNDO. – Que mediante providencia de Alcaldía-Pedanía de 23 de Maio de 2022 viuse a necesidade de aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

TERCEIRO. – Que con data 23 de Maio de 2022 emitíuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.



Entidade Local Menor de Bembrive

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 163, 169.3, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Por isto, visto o informe da secretaria-interventora obrante no expediente, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. - Tomar conta das observacións feitas pola secretaria-interventora no seu informe de data 23 de Maio de 2022, que consta incorporado ao expediente, e levantar o reparo correspondente.

SEGUNDO. – Esta Alcaldía proponlle á Xunta Veciñal que adopte, se procede, o seguinte ACORDO:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2022 a efectuar ao abeiro do artigo 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, para o abono das facturas que se integran na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 15 e que se detallan nos anexos que se incorporan á presente proposta, por un importe total de 689,78 euros correspondentes a exercicios anteriores, tal e como se indica no seguinte cadro:

| Facturas tramitadas no expte REC 4/2022 | | | | |
|---|------------|--------------------|--------------------|------------------------|
| Núm. Fra. | Data Fra. | Data rexistro FACe | Xustificante Gasto | Importe total (€) * |
| FP/2021/17438 | 30.12.2021 | 10.02.2022 | 2022 66000045 | 208,88 |
| FP/2021/17526 | 30.12.2021 | 10.02.2022 | 2022 66000046 | 180,90 |
| TOTAL | | | | 389,78 |

*IVE incluído

TERCEIRO. - Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2022, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións presupostarias indicadas na columna do listado que se achega.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....
MEMORIA DE ALCALDÍA PEDANÍA

ANTECEDENTES DE FEITO:



Entidade Local Menor de Bembrive

Visto a presentación de dúas facturas correspondentes ao exercicio anterior (2021) para o seu pago nesta entidade.

Estas facturas foron presentadas no rexistro de esta entidade neste ano (2022), esta alcaldía pedanía considera necesario a incoación do pertinente expediente para a súa tramitación e posterior pago, xa que se trata de subministros realizados de forma correcta.

CONCLUSIÓN:

Polos motivos anteriores citados esta Alcaldía pedanía considera oportuno a tramitación das referidas facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto 2022/04 nun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o seu posterior pago por un importe total conxunto de 398,78 euros.

O expediente de recoñecemento extraxudicial deriva da posibilidade que teñen as entidades locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria, de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, ou de corresponder a exercicios anteriores, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar accións xudiciais correspondentes por parte dos provedores que serían estimadas en base a citada teoría do enriquecemento inxusto.

En consecuencia e ante a necesidade de regularizar de modo definitivo as débedas coas referidas empresas, con motivo de ser gastos realizados de servizos anteriores que resulta preciso e obligatorio atender para evitar o prexuízo dos terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto o sen causa desta.

.....

O día 23.05.2022 emitiuse informe por parte da secretaría intervención, cuxas conclusións son as seguintes:

Primeira. – As prestacións amparadas nas facturas incluídas no presente expediente foron obxecto dunha contratación irregular, na medida en que foron adquiridas sen control previo por parte da Intervención desta Entidade e, polo tanto, sen contar con crédito orzamentario no momento de realizar o encargo da prestación correspondente e cunha ausencia total do procedemento, o que supón, conforme ao disposto na normativa sobre contratación, a nulidade absoluta ou de pleno dereito da relación negocial entre a Entidade Local Menor de Bembrive e as persoas ou entidades prestadoras dos servizos de referencia, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse das citadas actuacións.

Como consecuencia de todo o anterior, procede fiscalizar desfavorablemente e formular reparo suspensivo aos gastos incluídos na relación de facturas 2022/15 para o recoñecemento extraxudicial núm. 4/2022, conforme ao disposto nos artigos 216.2 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por insuficiencia de crédito e omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais, que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39, apartados 1 e 2, da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015 (LPACAP), por carecer de crédito orzamentario e prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.



Entidade Local Menor de Bembrive

O citado reparo ten carácter suspensivo e deberá ser resolto pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive con carácter previo a aprobación das citadas facturas, de acordo co art. 217 do TRLRFL.

Segunda. - En virtude do principio xeral do dereito según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento de outro, nace unha obrigación ex lege, e a Administración ha de restituir o enriquecemento. Por tanto, o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no artigo 60.2 do RD 500/1990, que ven a dar resposta á situación administrativa que nos ocupa, preséntase como un instrumento de gasto para facer efectiva a liquidación prevista no apartado 1 do artigo 42 da LCSP, que trae causa da resolución dun expediente de revisión de oficio e a súa finalidade é evitar o enriquecemento inxusto da Administración, sen prexuízo, no seu caso, da esixencia de responsabilidades.

A existencia do procedemento administrativo, neste caso de contratación e de execución orzamentaria, é una garantía de trato de igualdade aos provedores, e de eficiencia e transparencia na xestión pública do gasto, ademáis dunha obriga legal.

Terceira. - Toda vez que o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito supón imputar ao orzamento corrente gastos realizados sen contar coa consignación orzamentaria correspondente, a súa utilización debe aplicarse con carácter excepcional, correspondendo a competencia para a adopción do acordo á Xunta Veciñal da ELM de Bembrive.

Cuarta. - No expediente constan as facturas correspondentes, memoria do Alcalde-Pedáneo no que se expón brevemente as causas que impediron a tramitación das facturas conforme aos procedementos previstos na normativa de contratación, así como as dilixencias das mesmas incorporadas nas facturas que conforman o expediente na que expresa a conformidade coas prestacións realizadas que se describen nos respectivos documentos, en canto a calidade, cantidade e prezo.

Quinta. - Tendo en conta a situación descrita deben seguir adoptándose as medidas de xestión económica e orzamentarias precisas para evitar que se repita a circunstancia de ter facturas pendentes de aplicar, correspondentes a exercicios pechados para ser aprobadas no vindeiro ano. Así mesmo, deberán establecerse mecanismos de control do gasto no exercicio 2022 que garantan que este se execute previa comprobación da existencia de crédito axeitado e suficiente e da correcta realización das previsións de ingresos, xa que un dos principios esenciais da xestión do gasto público é o da preceptiva existencia de crédito con anterioridade á súa realización. As obrigacións da facenda local nacen aínda que non exista dotación orzamentaria agora ben, para que sexan esixibles e se proceda ao seu pago, en condicións normais, debe existir a correspondente consignación orzamentaria.

Neste mesmo orde de ideas e tendo en conta actual coxuntura socio-económica é preciso advertir que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 7.2 dispón que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

Sexta. - Según os datos contidos na base de datos de contabilidade da Entidade, na actualidade existen por diversos motivos alleos a esta Intervención un elevado número de



Entidade Local Menor de Bembrive

facturas de exercicios anteriores que se atopan pendentes de conformidade, tramitación, aprobación e posterior pago, e outras pagadas pendentes de aplicación ao orzamento.

Esta forma de actuar supón unha vulneración sistemática do disposto no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL que establece a orde de prelación de pagos, de tal forma que á hora de realizar a expedición das ordes de pago, terán prioridade as obrigas contraídas nos exercicios anteriores que se atopan pendentes de pago e as que entraron con anterioridade no Rexistro desta Entidade, así como da LPAC 39/2015, que recollen a necesidade de tramitar os expedientes por riguroso orde cronolóxico de incoación dos mesmos, determinada, cando se trata de expedientes administrativos de gasto, pola data de presentación da factura no rexistro correspondente.

Sétima. - No orzamento vixente existe crédito adecuado e suficiente ao nivel de vinculación xurídica dos créditos establecido na Base 6ª de Execución dos orzamentos da Entidade Local Menor (Área de gasto / Capítulo) para facer fronte ás obrigas económicas derivadas das actuacións que motivan o presente expediente, sen prexuízo das repercusións orzamentarias que poden resultar desta imputación.

Oitava. - Unha vez sexa, de ser o caso, adoptado o acordo polo órgano competente, remitirase á Intervención, procedéndose nese momento a efectuar a toma de razón deste.

Novena. - O presente informe constará e formará parte do informe que sobre a liquidación do orzamento do presente exercicio debe emitir a Intervención en aplicación do artigo 191.3 do TRLRFL e incorporárase, adicionalmente, ao expediente que sobre a Conta Xeral debe formar e redactar esta Intervención en aplicación do artigo 212.2 da normativa citada.

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Aprobación inicial do expte de modificación orzamentaria núm. 2/2022 na modalidade de crédito extraordinario financiado mediante baixas doutros créditos, do vixente orzamento do ano 2022 por importe de 1.485,17 €.

Dase conta da proposta do Alcalde-Pedáneo do 23.05.2022, co seguinte contido:

| | |
|--------------------------------------|--|
| Núm. Expte | MC 2/2022 Crédito extraordinario |
| Importe da Modificación Orzamentaria | 1.485,17 euros |
| Tipo de financiamento | Baixas por anulación |
| Finalidade da modificación | Gastos do exercicio que non se poden demorar para o exercicio seguinte |



Entidade Local Menor de Bembrive

Ánte a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito, e dado que se dispón doutras aplicación do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, por todo iso faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicación, por medio da presente,

Vista a necesidade de pagamento de dous xustificantes de gasto que cuxa adquisición resultou urxente e necesaria.

Vista a existencia de crédito dispoñible, e de acordo cos principios de economía e eficiencia que deben presidir o gasto público consideráse urxente realizar no ano en curso os pagos propostos.

Visto o informe de Secretaría-Intervención do 23 de maio de 2022.

Á vista do exposto, e da competencia plenaria na materia, propoño á Xunta Veciñal desta Entidade Local, a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación de crédito núm. 2/2022 na modalidade de crédito extraordinario financiado mediante Baixa noutras aplicacións conforme ao seguinte:

Altas en Aplicacións de Gastos

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|-------------------------|--|-------------|
| 163.623 | Limpeza viaria. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe | 1.053,15 |
| 163.623 | Limpeza viaria. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe | 432,02 |
| TOTAL | | 1.485,17 |

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO | IMPORTE |
|-------------------------|--|----------|
| 153.210 | Vías públicas. Infraestructuras e bens naturais. | 1.485,17 |
| TOTAL | | 1.485,17 |

SEGUNDO.- Expor ao público o expediente da modificación de crédito por prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a efectos de presentación de reclamación polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar relevados a definitivos este Acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación, procedéndose a dar cumprimento ao trámite da súa publicación, resumida por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ALCALDÍA-PEDANÍA

| | |
|------------|----------------------------------|
| Núm. Expte | MC 2/2022 Crédito extraordinario |
|------------|----------------------------------|

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2022, do 26.05.2022



Entidade Local Menor de Bembridge

| | |
|--------------------------------------|--|
| Importe da Modificación Orzamentaria | 1.485,17 euros |
| Tipo de financiamento | Baixas por anulación |
| Finalidade da modificación | Gastos do exercicio que non se poden demorar para o exercicio seguinte |

De acordo coa regulación contida nos artigos 35 e seguintes do Real decreto 500/1990, do 20 abril, polo que se desenrola, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto do Texto refundido 2/2004, polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, deberase incorporar ao expediente de modificación orzamentaria na súa modalidade de Crédito Extraordinario unha memoria da Alcaldía na que se detallen as aplicacións orzamentarias ás que afecta e os medios de financiación empregados, e na que se acredite o carácter específico e determinado dos gastos dotados con aquela, a súa imposibilidade de demora e a inexistencia de crédito no orzamento vixente para a súa imputación.

Tal e como consta na providencia de inicio de expediente a modificación proposta se realizará con cargo a baixas doutros créditos do estado de gastos.

As aplicacións ás que afecta a modificación proposta son as seguintes:

As aplicacións que deben crearse no Orzamento da Entidade Local para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

Altas en Aplicacións de Gastos

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|-------------------------|--|-------------|
| 163.623 | Limpeza viaria. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe | 1.053,15 |
| 163.623 | Limpeza viaria. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe | 432,02 |
| TOTAL | | 1.485,17 |

O orzamento actualmente vixente, carece de crédito axeitado e suficiente para a cobertura de tales gastos nos correspondentes niveis de vinculación xurídica.

Financiación da modificación de crédito. Baixas en aplicacións de gastos.

De conformidade co establecido no artigo 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 36 do R.D. 500/1990 sobre a concesión de créditos extraordinarios, o expediente deberá especificar o medio ou recurso que ha de financiar o devandito crédito extraordinario. En canto o financiamento da modificación orzamentaria proposta, tendo en conta a necesidade de iniciar o expediente para o pago dunha copiadora e rozadora.

Xustificación do carácter indemorabile da modificación:

A xustificación ven dada por tratarse de gastos xa devindicados neste exercicio.



Entidade Local Menor de Bembrive

Ademais trátanse de gastos que non se poideron demorar ó exercicio seguinte que serán aboados ós provedores unha vez que sexa aprobada definitivamente a presente modificación orzamentaria.

Polo que respecta á “Makita amoladora mini DGA-452-RME 2 MAT 18V. 4.0 AH UN”, trátase dunha adquisición urxente e indemorable debido a unha avería imprevista nas tapas de arquetas da rede xeral de sumidoiros (depósitos de augas fecais) no Camiño da Suaxeira para cortar candados e outros elementos metálicos, xa que na zona non existía forma de conexión á enerxía eléctrica. Esta situación provocaba que os verquidos de augas fecais chegaran á estrada provocando risco de contaminación e malos cheiros, entre outros prexuízos.

Trátase dunha ferramenta coa que non contaba esta Entidade Local debido as súas características de autosuficiencia enerxética (non necesita subministro directo da rede eléctrica no momento de funcionamento debido a que conta con batería), resultando moi útil para as labores diarias de mantemento desta Entidade, así como a facilidade para o seu transporte.

No tocante á “rozadora Sthil FS-491”, resultou urxente a súa adquisición debido a unha avería imprevista dunha rozadora propiedade da ELM de Bembrive, quedando totalmente inservible e irrecuperable. Esta Alcaldía-Pedanía considerou oportuno a adquisición inmediata dunha nova rozadora para poder prestar os servizos de limpeza e mantemento da parroquia de Bembrive.

Xustificación do carácter específico e determinado dos gastos:

Este aspecto queda xustificado polo detalle presentado dos gastos.

Polo tanto, queda acreditado o carácter específico e determinado dos gastos.

Inexistencia no estado dos gastos do orzamento de crédito orzamentario adecuado e suficiente:

O estado de gastos non presenta consignación no nivel de vinculación xurídica para facer fronte aos devanditos gastos. Considérase que os gastos xa realizados sen consignación son novos e diferentes dos previstos no orzamento, polo que non existe consignación orzamentaria para os mesmos.

Financiamento da modificación:

Baixas por anulación na partida 153.210, co detalle que se indica a continuación.

Visto o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo cal se suspenderon as regras fiscais para o exercicio 2021, e prorrogouse por acordo do 13 de setiembre de 2021 para o exercicio 2022, e dado o carácter urxente de tramitar este expediente de crédito extraordinario que se propón para financiar con baixas dos créditos de aplicacións do orzamento vixente non comprometidas nos seguintes termos:



Entidade Local Menor de Bembrive

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|-------------------------|--|-------------|
| 153.210 | Vías públicas. Infraestructuras e bens naturais. | 1.485,17 |

A dotación proposta á baixa se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, posto que se trata de gastos que corresponden a unha partida do Orzamento vixente non comprometidas, cuxa dotación estímense reducibles sen perturbación nos respectivos servizos.

.....

O día 23.05.2022 emitiuse informe da secretaría intervención, cuxas conclusións se reproducen a continuación:

Á vista do informado o expediente cumpre os requisitos formais previstos no TRLRFL para os supostos de modificacións orzamentarias.

Non obstante, dada a situación económica e financeira da ELM de Bembrive a xuízo desta intervención considérase oportuno poñer de manifesto as seguintes consideracións:

1.- O artigo 173.5 do TRLRFL sinala, expresamente, que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe de créditos autorizados no estado de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

2.- A realización de gastos sen consignación orzamentaria e o posterior recoñecemento e abono, supón, como se ven indicando reiteradamente dende o departamento de Intervención, unha práctica totalmente indebida que obedece a unha falta de control do gasto e que inflúe moi negativamente no equilibrio económico desta Entidade Local.

3.- Por elo, esta Intervención reitera a necesidade de tomar medidas contundentes de control do gasto público que eviten que no futuro se reitere dita circunstancia.

.....

Intervencións: Non se producen.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.



Entidade Local Menor de Bembridge

- 4. Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago de dúas facturas na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 16 por un importe total de 1.485,17 €, quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria núm. 2/2022 mediante Crédito Extraordinario.**

Dase conta da proposta do Alcalde-Pedáneo do 23.05.2022, co seguinte contido:

“En relación ao expediente de pagamento das facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 16 por un importe total conxunto de 1.580,81 €, emítase proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Vista a necesidade de pagamento de dúas facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 16, de 23.05.2022, correspondentes aos xustificantes de gasto que a continuación se enumeran por un importe total de 1.580,81 €.

| Núm. fra. | Data fra. | Data rexistro | Núm. Xustific. Gasto | Terceiro | Importe (€) * |
|--------------|-----------|---------------|----------------------|-----------|---------------|
| 22764 | 15.04.22 | 26.04.22 | 2022 66000117 | 35541851C | 1.148,79 |
| F22-22013095 | 23.05.22 | 23.05.22 | 2022 66000146 | B36797470 | 432,02 |
| TOTAL | | | | | 1.580,81 |

* IVE incluído

SEGUNDO. - Que o 23 de maio de 2022 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria nalgunhas aplicacións orzamentarias ao nivel de vinculación xurídica ás facturas que a continuación se relacionan polas prestacións e importes indicados, que obra no expediente.

| Núm. fra. | Data fra. | Núm. Xust. Gto | Terceiro | Concepto | Aplicación orzamentaria | Importe* (€) |
|--------------|-----------|----------------|-----------|------------------------|-------------------------|--------------|
| 22764 | 15.04.22 | 2022 66-117 | 35541851C | Rozadora Sthil FS-491 | 163.623 | 1.053,15 |
| F22-22013095 | 23.05.22 | 2022 66-146 | B36797470 | Maquita amoladora mini | 163.623 | 432,02 |
| TOTAL | | | | | | 1.485,17 |

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.



Entidade Local Menor de Bembrive

- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 23 de maio de 2022 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – Levantar o reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora por carecer de consignación orzamentaria.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

O día 23.05.2022 emitiuse informe da secretaría intervención, cuxas conclusións se reproducen a continuación:

“Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede fiscalizar desfavorablemente e formular reparo suspensivo, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por insuficiencia de crédito e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP por prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por tanto, dáse conta do presente reparo ao órgano da Entidade Local correspondente (Xunta Veciñal) para que adopte as decisións que procedan en relación coa normativa exposta.

De non realizarse este (como se está a observar noutros expedientes), lémbrese que, á vista do tenor literal do precepto 28 da Lei de Transparencia e Bo Goberno constitúen infraccións moi graves “c) Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeneral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable” e “d) A omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria”, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento (Xunta Veciñal), sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

Por último, compre sinalar que anualmente se dará conta dos acordos adoptados contrarios aos informes con reparos á Xunta Veciñal, con motivo da liquidación, e ao Tribunal de Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2022, do 26.05.2022



Entidade Local Menor de Bembrive

Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo da Comunidade Autónoma, con motivo da aprobación da Conta Xeral, por mandato dos apartados 6 e 7 do art. 15 RD 424/2017.

O presente informe emítese no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención, sen prexuízo doutro criterio mellor fundado en Dereito, poñendo de manifesto o reducido prazo para a súa realización.”

.....

Intervencións: Non se producen.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

5. Resolucións da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucións adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 28.04.2022 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

035 26.04.2021 Orde de pago por sentenza do Xulgado C-Admvo. 1 de Vigo no P.O. 209/2019, promovido por Acelec Instalaciones Eléctricas S.L., condenando ao pago de 2.078,94 € en concepto de xuros de mora.

036 28.04.2022 Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 14 xustif. de gasto, nº 9/2022 (servizos e subministros), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 5.281,50 €.

037 28.04.2022 Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de abril, por 7.536,52 € (impte. neto).

038 29.04.2022 Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 3 corporativos por asistencia a dúas sesións da Xunta Veciñal en abril 2022, por impte. bruto total de 2.700,00 €.

039 02.05.2022 Aprobación xustificante, recoñecemento da obriga do gasto e orde de pago ao Concello de Vigo por 1 recibo do IVTM 2022 de 1 vehículo, por impte. de 160,15 €.



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

- 040 03.05.2022 *Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 1 xustific. de gasto, nº 10/2022 (subministro), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 3.509 €.*
- 041 09.05.2022 *Aprobación de gasto s/ Auto 20/2022 do Xulgado Contencioso Adm. 1 de Vigo no P.O. 387/21, e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por indemnización por responsab. patrimonial por dano a vehículo, por impte. bruto de 1.303,23 €.*
- 042 13.05.2022 *Recoñecemento de obriga de gasto s/ 1 xustificante da relación 12/22 (obra), con cargo á corresp. aplicación orzamentaria e orde de pago, por impte. bruto de 5.868,50 €.*
- 043 13.05.2022 *Aprobación de OEP s/ convocatoria derivada da taxa adicional Lei 2021, (código 011), expte. 21/2022.*
- 044 19.05.2022 *Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 19 xustific. de gasto, nº 13/2022 (servizos, obras e subministros), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 6.982,44 €.*
- 045 20.05.2022 *Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 33 xustific. de gasto, nº 14/2022 (servizos e subministros), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 7.150,21 €.*
- 046 23.05.2022 *Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 26.05.2022 (6 asuntos).*

6. Rogos e preguntas.

Non se formulan.

O Alcalde Pedáneo informa que a próxima festividade a celebrar por esta Entidade é a Festa Floral o próximo día 18 de xuño.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:23 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellós Leis